

PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE

PRIMEIROS AUXILIOS E HIXIENE NO DEPORTE

Curso 2020-2021

Prof: Emilio Pintos Soto



1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|--------|--------------------|------------|---------------|
| | IES Sánchez Cantón | Pontevedra | 2020-2021 |

Ensinanza

| Curriculo | Ensinanzas | Título | Grao | Réxime |
|-------------------------------------|---------------------------------|---|-------|--------|
| Decreto 353/2003, do 11 de setembro | DEPORTIVAS (RÉXIME ESPECIAL) | TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL y BALONMANO | Medio | OR |

Módulo profesional

| Código MP/UF | Nome | Curso | Trimestre | Sesiós semanais | Horas anuais |
|--------------|--|-------|-----------|-----------------|--------------|
| | Primeiros auxilios e hixiene deportiva | 1º | 1º | 10 | 95 |

Profesorado responsable

| | |
|-------------------|--------------------|
| Elabora e imparte | EMILIO PINTOS SOTO |
|-------------------|--------------------|

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Competencias específicas do módulo:

- Indicar para cada tipo de traumatismo e de lesión a súa posible prevención, as causas, os síntomas e as pautas de actuación.
- Describi-las técnicas e os métodos de primeiros auxilios que se deben aplicar en situacións de lesións ou accidentes.
- Aplica-los protocolos de evacuación de lesionados e feridos.
- Explica-los principios xerais de hixiene no deporte.
- Determina-las técnicas recuperadoras tralo exercicio físico.
- Diferencia-los efectos das principais drogodependencias sobre o organismo humano.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

| UD | Título | Descripción | Duración (sesións) |
|----|--|---|--------------------|
| 1 | U.T 1: Introducción aos primeiros auxilios e secuencia de actuación básica. | Decálogo do entrenador. Conduta P.A.S. Lexislación do técnico deportivo | 18 |
| 2 | U. T 2: Valoración primaria e secundaria. Funcionamiento DESA. | Pasos a seguir na valoración dun accidentado. Estado de consciencia, respiración e pulso. | 10 |
| 3 | U.T3: Soporte vital básico. RCP e uso do DEA ou DESA | Qué facer en cada caso. A reanimación cardiopulmonar básica. O uso dun desfibrilador automático ou semiautomático | 18 |
| 4 | U.T 4: Os traumatismos. Inmovilización e transporte dun ferido. Lesiones columna vertebral. | Tipos de traumatismos, inmovilización e transporte de feridos | 18 |
| 5 | U.T 5: Accidentes doutra índole | Lesións causadas polo frío, calor ou electricidade. Feridas e mordeduras. Corpos estranhos e intoxicacións | 10 |
| 8 | U.T 6: Hixiene deportiva | A importancia do quecemento e a volta a calma. Técnicas recuperadoras tralaas actividades físicas. | 11 |
| 9 | U.T 7: O consumo de drogas e AF | Os riscos do consumo do alcohol, tabaco e outras drogas. | 10 |
| | | Horas | 95 |

4. Metodoloxía

- O módulo terá un carácter fundamentalmente teórico pero na medida do posible traballaremos os contidos de xeito práctico.
- Utilizaranse estilos de ensinanza que propicien a aprendizaxe significativa; descubrimento guiado, resolución de problemas ... deixando os de instrución directa para tarefas específicas e puntuais
- Cando sesan grupos reducidos reforzarase a ensinanza individualizada, atendendo as diferenzas e intereses dos alumnos.
- Ademais do material propio de primeiros auxilios para facer as prácticas, os contidos e as explicación orais reforzaranse con presentacións, vídeos e o traballo na aula virtual.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación.

- a. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalie con plena obxectividade.
- b. O proceso de avaliação será continuo o longo de todo o proceso formativo.
- c. Permitirse ata un máximo de 4PL/curso de faltas a clase para manter o dereito a avaliação continua (70 %).
- d. No momento que un/a alumno/a acade 1 PL de inasistencia a clase (6%) apercibiráseelle coa advertencia de que no momento que acade as 4 faltas perderá automáticamente o seu dereito á avaliação continua.
- e. A acumulación de 3 retrasos superiores a 9 minutos suporán 1 falta de asistencia.
- f. A acumulación de 5 retrasos inferiores a 10 minutos suporán 1 falta de asistencia.
- g. Os retrasos inferiores a 10 minutos poderán ser equivalentes a retrasos superiores a 9 minutos en función do tempo do retraso acumulado.
- h. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliação continua terá dereito a realizar as probas de avaliação en convocatoria extraordinaria, a cal farase con posterioridade convocatoria ordinaria do módulo.
- i. O alumno/a que esgotara as catro convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria mais extraordinaria, sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).
- j. Como mínimo o alumno/a deberá ser capaz de acadar de xeito básico as competencias específicas do modulo mencionadas no apartado 2.

k. A avaliación continua do módulo terá en conta:

- O traballo do alumno/a (W); valorarase nunha escala 1 – 10 e suporá un 40 % da cualificación final. Para a avaliación dos traballos terase en conta a orixinalidade, a calidade da presentación, a coherencia na estrutura e contidos, a claridade expositiva, a capacidade de síntese, o tipo de linguaxe empregada e o respecto aos prazos de entrega. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nos traballos realizados.
- O aprendizaxe dos alumnos/as (L); valorarase nunha escala de 1 – 10 e suporá o 60 % da cualificación final. O instrumento de avaliación empregado será a realización de probas escritas de resposta múltiple e/ou resposta curta. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das probas realizadas.
- A cualificación final do módulo (F) valorarase nunha escala de 1 – 10 e calcúlase:
$$F = k * (W * 0,4) + L * 0,6$$
- O valor de k é un coeficiente que terá en conta as faltas de asistencia:

| Faltas | k |
|--------|------|
| 0 | 1 |
| 1 | 0,75 |
| 2 | 0,50 |
| 3 | 0,25 |

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Durante o curso poderanse facer conforme o horario elaborado pola xefatura de estudos actividades de apoio, recuperación e avaliación para aqueles alumnos/as que non acadaran unha avaliación positiva na avaliación final do módulo.
2. As actividades de recuperación e apoio definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as na avaliación anterior e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades mostradas.
3. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
4. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.
5. Se fose necesario o comezo do período de actividades faríase unha proba de diagnose complementaria para determinar con mais precisión as necesidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria extraordinaria

1. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar probas de avaliación nunha convocatoria extraordinaria.
2. A proba da convocatoria extraordinaria deberá medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada o módulo.
3. A proba poderá conter preguntas de resposta corta e/ou preguntas de respuesta múltiple e/ou resolución de supostos prácticos e para obter avaliación positiva na mesma o alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 nunha escala de 1 – 10.
4. A cualificación obtida polo alumno/a na proba extraordinaria será a súa cualificación final do módulo no curso e non poderá superar os 7 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- A última reunión de departamento de cada mes dedicarase ó seguimento da programación didáctica do módulo.
- Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
- Ó remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación de propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.

2. OBXECTIVOS:

- a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
- b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

3. METODOLOXÍA:

O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :

- a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b) Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c) O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e) A experiencia profesional previa.
 - f) A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con NEAE:
 - a) Adaptación dás condicións de accesibilidade ó centro.
 - b) Adaptación dos recursos de apoio.
 - c) Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (requiere autorización administrativa).
2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
 - a) Actividades de reforzo individualizadas.
 - b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
 - c) Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

9. Actividades extraescolares y complementarias

1. Charla profesional salvamento marítimo (desplazamiento a las instalaciones).
2. Charlas vendajes funcionales fisioterapeuta profesional de equipos de fútbol.

10. Atención a alumnos en estado de aislamiento-cuarentena y/o confinamiento

Las distintas unidades y apuntes de este módulo serán subidos al aula virtual, en ellos se incluirá la programación, las actividades a realizar para alcanzar la nota mínima para superar el módulo, así la información o recursos necesarios para poder llevar a cabo las actividades o trabajos solicitados.

Durante este tiempo, habrá comunicación directa con el alumnado en esta situación a través de distintos canales: foro del aula virtual, el correo electrónico e incluso el móvil, con llamadas, vídeo llamadas y WhatsApp. En consideración a las solicitudes del alumnado habrá sesiones telemáticas semanales para impartir contenidos de cada módulo. Así mismo previa solicitud, del alumno/a que así lo requiera, o por recomendación directa del profesor, habrá tutorías telemáticas, durante el tiempo y/o las ocasiones que sean necesarias para aclarar, resolver o ayudar al alumnado con dificultades.

Por último, los alumnos y alumnas serán evaluados de los módulos y/o contenidos impartidos durante su período a través de actividades y tareas de evaluación específicas para ese momento y alumnado, pretendiendo objetivamente que pueda reincorporarse a la enseñanza presencial en las mejores condiciones posibles así como, en el caso de tener que ser terminal, pueda constituir su nota final, con garantías mínimas de equidad y objetividad.